

Censos de Poboación e Vivendas 2001

NOTAS EXPLICATIVAS

Os Censos Demográficos constitúen o proxecto estatístico de maior magnitude que periodicamente levan a cabo as oficinas de estatística da maioría dos países.

Baixo a denominación de Censos demográficos inclúense en realidade tres censos diferentes: o Censo de Poboación, o máis importante e de maior tradición, o Censo de Vivendas e o Censo de Edificios. Asociado a este último adoita realizarse un censo de carácter económico: o Censo de Locais.

En España, os Censos de Poboación e Vivendas realízanse cada 10 anos. O seu principal obxectivo é determinar o número de habitantes, vivendas e edificios do Estado e das súas áreas xeográficas e administrativas e obter unha imaxe estrutural do país desde diversos puntos de vista que permita a elaboración de políticas demográficas, sociais, educativas, asistenciais,....

O primeiro censo de poboación en España levouse a cabo en 1768 polo conde de Aranda baixo o reinado de Carlos III, aínda que o primeiro censo oficial data de 1857. A partir de 1900 houbo un Censo de Poboación cada 10 anos ininterrompidamente (primeiro nos anos terminados en 0 e a partir de 1981 nos anos terminados en 1).

O Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 foi o decimosexto dos censos oficiais realizados en España e tivo como data de referencia o 1 de novembro de 2001.

A normativa vixente establece que o organismo encargado da formación dos censos en España é o Instituto Nacional de Estadística. Non obstante, a complexidade desta operación require a participación de numerosas persoas, organismos e axentes sociais nas fases previas á toma de datos: elaboración do proxecto, determinación das preguntas, deseño de cuestionarios... Ademais na execución dos censos participan os concellos e os Institutos de Estatística dalgunhas Comunidades Autónomas, entre os que se atopa o IGE.

1. Obxectivos e utilidades

Os principais obxectivos do Censo son:

a) **Reconto da poboación.** Mediante o Censo de Poboación determínase o número de habitantes do Estado, das comunidades autónomas, das provincias e dos concellos así como das entidades e núcleos de poboación.

b) **Coñecemento da estrutura da poboación.** O Censo de Poboación, mediante a investigación das características xeográficas, demográficas, culturais, económicas e sociais dos habitantes, facilita unha imaxe estrutural da poboación que serve de base para a elaboración de políticas demográficas, sociais e económicas que teñen como referencia básica o factor humano.

c) **Impulsar a implantación do novo modelo de xestión padroal.** A maior precisión das cifras censuais e a diminución das molestias dos cidadáns, os dous principais beneficios que aporta o Padrón ós Censos, ten a súa xusta contrapartida no contraste coa realidade que supón o percorrido censual para o padrón, o que permitirá corrixir os erros que se foron acumulando desde o momento da súa implantación e que non puideron ser emendados (ás veces, nin sequera detectados) coa xestión cotiá.

d) **Servir de base para estudos demográficos.** O Censo de Poboación permite obter datos indispensables para o estudo da evolución da poboación e para calcular taxas específicas das características investigadas nas estatísticas de fluxo.

e) **Servir de base para a elaboración das estatísticas por mostraxe.** Os Censos de Poboación e Vivendas subministraron tradicionalmente o marco para a realización das enquisas por mostraxe. Por unha parte, permiten calcular os parámetros que son necesarios para orientar a metodoloxía mostral (por exemplo, a estratificación das unidades primarias por mostraxe); por outra parte, os distintos directorios censuais, perfectamente informatizados, poderán utilizarse para a selección directa das distintas unidades estatísticas (concello, sección, quinceiro, vivenda familiar, persoa). Coa información do Padrón, a opción máis prometedora a medio prazo é formar un marco que combine a permanente actualización dos datos padroais coa maior información que aportan os Censos.

f) **Atender as necesidades de información para áreas xeográficas pequenas.** A redución por lei, xa aplicada na renovación padroal de 1991, da información contida hasta ese momento nos padróns municipais de habitantes, que só deben conter os datos estritamente necesarios para a súa finalidade (é dicir, determinar a poboación residente en cada concello), deu aínda maior relevancia a unha das funcións esenciais dos Censos: subministrar datos estatísticos para áreas pequenas. Isto tradúcese en manter o carácter exhaustivo da explotación censual (unha das calidades máis apreciadas dos Censos de 1991) e en introducir variables que sexan especialmente útiles para desagregacións espaciais moi finas, ás que non poden chegar as investigacións por mostraxe.

g) **Reconto das vivendas, dos edificios e dos locais.** Mediante o Censo de Vivendas, púidose determinar tradicionalmente o número de vivendas existentes no Estado, comunidades autónomas, provincias, concellos, entidades e núcleos de poboación.

Nesta ocasión, a recollida de toda a información censual nun único percorrido de campo vai a permitir fixar, ó mesmo tempo, o número de edificios e locais para cada un dos ámbitos xeográficos (e incluso inferiores, como quinteiros, rúas, tramos de vía...).

h) **Coñecemento das características das vivendas e edificios.** O Censo aporta información sobre a estrutura das vivendas familiares atendendo a aspectos como época de construción, superficie e características xerais, instalacións... A recollida simultánea de toda a información censual permitirá integrar ademais os datos dos edificios onde se atopan.

i) **Actualización e normalización dos instrumentos de infraestrutura estatística.** Os directorios de vivendas e edificios, os rueiros, a cartografía asociada ós Censos,... son elementos de infraestrutura básicos que, con ocasión da operación censual, experimentarán unha renovación e normalización que os converterá nos instrumentos de referencia para o conxunto das Administracións Públicas.

j) **Atender as necesidades estatísticas de carácter internacional.** Os organismos internacionais solicitan periodicamente información dos diferentes países para elaborar as súas estatísticas demográficas e sociais, sendo os Censos demográficos unha das súas principais fontes utilizadas.

2. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

No **Censo de Poboación** inclúense unicamente as persoas, de calquera nacionalidade, que teñen fixada a súa residencia habitual no territorio nacional.

Para facer comparables as cifras españolas de poboación coas doutros países, e de acordo coas recomendacións internacionais, inclúense:

- O persoal diplomático e outros funcionarios españois e os seus familiares, con destino oficial no estranxeiro.
- O persoal español da mariña mercante, dos barcos de pesca e da navegación aérea que se atopan fora do territorio español na data censual.
- Os españois residentes que están traballando temporalmente no estranxeiro.
- Os estranxeiros residentes en España que están temporalmente no estranxeiro.

No **Censo de Vivendas** o ámbito poboacional abarca as vivendas e os establecementos colectivos.

Considéranse vivendas tódolos recintos destinados a habitación humana, que son vivendas familiares, e aqueloutros que sen ter esta finalidade están efectivamente habitados na data censual, denominados aloxamentos.

Ámbito territorial

A investigación esténdese a todo o territorio español.

A información que se presenta comprende a poboación residente en Galicia, clasificada por provincia, comarca e concello de residencia.

Ámbito temporal

O recuento das distintas unidades censuais fíxose con referencia a unha única data censual, o 1 de novembro de 2001. Algunhas preguntas referíanse á semana anterior á devandita data de referencia.

3. Definicións e aspectos metodolóxicos

Censo de poboación: Conxunto de operacións que consisten en recompilar, resumir, valorar, analizar e publicar os datos de carácter demográfico, cultural, económico e social de tódolos habitantes do país e das súas divisións político-administrativas, referidos a tódalas persoas que residen en *vivendas*, xa sexan *familiares* ou *colectivas*.

A unidade básica do Censo de poboación é a persoa residente, pero a súa identificación non se fai individualmente, senón que é preciso considerar as súas relacións de convivencia, polo que a *familia*, o *fogar* e o *núcleo familiar* aparecen tamén como unidades básicas adicionais.

Censo de vivendas: Conxunto de operacións que consisten en recompilar, resumir, valorar, analizar e publicar os datos relativos a tódolos lugares destinados a habitación humana que foron concibidos como tales (vivendas familiares), e a enumerar aqueles que non sendo concibidos para este fin teñen sen embargo ese uso (aloxamentos).

Residente: Persoa física que no momento censual ten a súa residencia habitual en España. Este concepto substitúe ó de habitante, usado en censos anteriores, que ademais dos residentes incluía tamén os transeúntes, é dicir, as persoas que se atopaban no momento censual en territorio español sen residir nel.

O conxunto de residentes dunha determinada división político-administrativa denomínase **poboación residente** (concepto totalmente equivalente ó antigo de poboación de dereito) ou, simplemente, **poboación**.

Coa supresión do concepto de transeúnte no padrón de habitantes tamén desaparece o concepto de poboación de feito. Non obstante, para conseguir unha mellor estimación da carga real da poboación que debe soportar, por exemplo, cada concello, neste censo créase un novo concepto, que ven a substituír ó desaparecido de poboación de feito; denomínase **poboación vinculada** e defínese como o conxunto de persoas censuables (é dicir, con residencia habitual en España) que teñen algún tipo de vinculación habitual co concello en cuestión, xa sexa porque residen alí, porque traballan ou estudian alí, ou porque, non sendo a súa residencia habitual, adoitan pasar alí certos períodos de tempo (veraneos, pontes, fins de semana...)

Vivenda: Recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censual. Como excepción, non se consideran vivendas os recintos que, a pesar de estar concibidos inicialmente para habitación humana, no momento censual están dedicados totalmente a outros fins (por exemplo, os que están sendo utilizados exclusivamente como locais).

Non se inclúen neste Censo as vivendas en construción, a non ser que estén habitadas no momento censual ou ben que a súa terminación esté pendente de lixeiros detalles polo que xa poderían ocuparse.

Tampouco se inclúen aquelas vivendas que se están demolendo ou están baleiras porque foron declaradas en estado ruinoso.

Hai dous tipos de vivendas: *vivendas colectivas* (tamén coñecidas como *establecementos colectivos*) e *vivendas familiares*. A súa vez, dentro das vivendas familiares, hai un subtipo denominado *aloxamento*.

Vivenda colectiva: Vivenda destinada a ser habitada por un colectivo, é dicir, por un grupo de persoas sometidas a unha autoridade ou réxime común non baseados en lazos familiares nin de convivencia. A vivenda colectiva pode ocupar só parcialmente un edificio ou, máis frecuentemente, a súa totalidade.

A efectos censuais, inclúense tanto as vivendas colectivas propiamente ditas (conventos, cuarteis, asilos, residencias de estudantes ou de traballadores, hospitais, prisións), como os hoteis, pensións e establecementos análogos.

Cando dentro do establecemento colectivo existan vivendas de carácter familiar, normalmente destinadas ó persoal directivo, administrativo ou de servizo do establecemento, estas serán censadas aparte, como tales vivendas familiares.

Vivenda familiar: Vivenda destinada a ser habitada por unha ou varias persoas, xeral pero non necesariamente unidas por parentesco, e que non constitúen un colectivo, segundo a definición anterior.

As vivendas familiares inclúense no Censo de Vivendas, con independencia de que estén ocupadas ou non no momento censual.

A pesar de non cumprir estrictamente a definición, tamén se consideran vivendas familiares os *aloxamentos*, que se definen a continuación. Cando sexa necesario distinguir entre vivenda familiar propiamente dita e aloxamento, á primeira engadíraselle, seguindo as normas internacionais, o adxectivo *convencional*.

Aloxamento: Vivenda familiar que presenta a particularidade de ser móbil, semipermanente ou improvisada, ou ben que non foi concibida nun principio con fins residenciais pero, sen embargo, constitúe a residencia dunha ou varias persoas no momento do censo (por tanto, os aloxamentos baleiros **non** se censan).

Os aloxamentos poden ser **fixos**, como:

- As vivendas semipermanentes que, aínda que son semellantes ás vivendas familiares nalgúns aspectos, son utilizadas nada máis que durante un tempo limitado (normalmente menos de 10 anos).
- Determinados recintos destinados a vivenda que se constrúen sen ningún piar e con materiais de desperdicio (latas, caixas...): chabolas, chozas...
- Outros recintos, o destino dos cales é distinto do de vivenda, e que non foron construídos nin reformados para ser utilizados con fins residenciais, pero nos que vive xente no seu interior; por exemplo, os espazos situados en cuadradas, pallares, muíños, garaxes, locais, así como covas e outros refuxios naturais que non foron habilitados para vivir neles.

Ou **móbiles**, é dicir, os que foron construídos para ser transportados ou que constitúen un recinto móbil, e serven de domicilio a unha ou varias persoas, tales como tendas de campaña, barcos, iates, remolques... Non se consideran aloxamentos móbiles os departamentos reservados a viaxeiros en medios de transporte colectivo (barcos, ferrocarrís...)

Fogar: Grupo de persoas residentes na mesma vivenda familiar. Con respecto a 1991, eliminouse a condición de que *compartan algúns gastos comúns*. Era unha condición difícil de explicar na práctica censual, sobre todo ó basearse nos datos padroais, onde non existe ese matiz. O número de vivendas onde se considerou que había máis dun fogar foi moi escaso.

Familia: Grupo de persoas que, residindo na mesma vivenda familiar (polo tanto, formando parte dun fogar), están vinculadas por lazos de parentesco, xa sexan de sangue ou políticos, e independentemente do seu grao.

As diferencias entre fogar e familia son:

-O fogar pode ser unipersoal, mentres que a familia ten que constar, polo menos, de dous membros.

-Os membros dun fogar multipersoal non teñen necesariamente que estar emparentados, mentres que os membros dunha familia si.

Núcleo familiar: Unidade xerárquica intermedia entre o residente e a familia. A idea de núcleo familiar corresponde a unha concepción restrinxida da familia, limitada ós vínculos de parentesco máis estreitos. Existen catro tipos de núcleo familiar:

- Matrimonio ou parella sen fillos.

- Matrimonio ou parella con un ou máis fillos.

- Pai con un ou máis fillos.

- Nai con un ou máis fillos.

Para formar parte do núcleo, un fillo debe ser solteiro e non estar emparellado. Non se esixe, en cambio, dependencia económica: basta con que resida na mesma vivenda que os pais.

Local: Recinto estruturalmente separado e independente (no mesmo senso que na definición de vivenda) que non está exclusivamente dedicado a vivenda familiar e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente.

Complexo de locais: Conxunto de locais do mesmo tipo, situados no mesmo edificio, e que comparten alomenos un acceso común desde a rúa.

Para os efectos de determinar se tódolos locais son do mesmo tipo, so se consideran catro categorías: equipamento público, local comercial (inclúe oficinas e resto dos servicios), local industrial, local agrario.

Cada complexo de locais cénasase como unha soa unidade censual, aínda sen perder o detalle do número de locais que contén.

Oco: Unidade operativa usada no caderno de percorrido do axente censual, que corresponde, segundo o seu caso, a unha vivenda ou un local. En concreto, no caderno de percorrido clasifícase cada oco segundo sexa: vivenda familiar (distinguido entre vivenda familiar convencional e aloxamento), vivenda colectiva, local activo, local inactivo.

Edificio: Construcción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, industriais, para a prestación de servicios ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade (administrativa, comercial, industrial, cultural...).

Complexo de edificios: Conxunto de edificios emprazados nunha área limitada (cercada ou non) e que non se emprega, exclusiva ou principalmente, ben para a realización das distintas fases, operacións ou necesidades da actividade económica dun único organismo, entidade ou empresa, ou ben para vivenda colectiva.

4. Recollida da información.

Se hai que elixir un trazo metodolóxico que caracterice os Censos do 2001, débese mencionar o aproveitamento, como en ningún censo anterior, dos rexistros administrativos, en concreto dos Padróns Municipais de Habitantes e da base de datos do Catastro Urbano. A combinación de ámbolos dous directorios permitiu ó INE efectuar un único percorrido censual (co enorme aforro económico que esto supón), xa que o carácter preparatorio que tradicionalmente asumía o percorrido do ano terminado en 0 (que se denominaba Censos de Edificios e Locais) substituíuse, moi ventaxosamente, polo cruce informático de ámbalas dúas bases de datos.

As características dos edificios e locais recolléronse nos cadernos de percorrido (tamén coñecidos como cadernos do axente), nos que saíron preimpresos os directorios xerados no cruce informático. As vantaxes que supón coñecer de antemán as direccións postais existentes, e poder limitarse a comprobalas e, de ser o caso, completalas, son moitas e moi variadas, pero quizais a máis importante é a mellora da cobertura censual (tanto en termos de edificios como de vivendas e persoas) que isto fixo posible.

Nos Censos de Poboación e Vivendas tamén se aproveitou a información administrativa dispoñible, co obxecto de non molestar innecesariamente ós cidadáns preguntándolles datos que son coñecidos. Así, os datos padroais de cada persoa foron impresos nunha folla aparte (para ter en conta a súa especial natureza), de forma que fora suficiente comprobar que estaban ben o, de ser o caso, modificalos. Eses datos xa non figuraron nos cuestionarios censuais propiamente ditos, reducíndose así o tempo que tiña cada fogar á operación censual.

Convén aclarar que, ata a recente reforma legislativa en materia padroal, o contido do Padrón non era tan útil como información previa para os Censos, debido ás duplicidades que contiña como consecuencia de que cada padrón municipal xestionábase con

absoluta autonomía respecto dos demais padróns. Na actualidade, os padróns municipais débense xestionar por medios informáticos e o Instituto Nacional de Estadística debe coordinalos entre si, detectando posibles duplicidades e inscricións indebidas e estando facultado para levar a cabo operacións de control da precisión dos padróns.

En conclusión, os Censos de 2001 combinaron o método tradicional, é dicir, un percorrido exhaustivo do territorio para recoller información de tódalas unidades censuais, cun forte apoio nos rexistros administrativos. Como nos Censos de 1991, a explotación foi exhaustiva, o que permitirá atender a crecente demanda de información para áreas xeográficas pequenas, sen outro límite que a confidencialidade dos datos.

No que se refire ó deseño dos cuestionarios, ideouse un sistema que permitiu un perfecto encaixe entre os datos padroais e o resto da información censual, atendendo a distinta natureza de ambos e buscando reducir ó máximo as molestias ós cidadáns (en particular, non preguntando datos que xa coñecemos como se non dispuxésemos de información algunha ó respecto).

O deseño que se considerou máis adecuado consistiu nunha combinación de: cuestionarios conxuntos de vivenda (coas preguntas de resposta única para cada fogar) e de fogar (coas relacións de parentesco, que se contestan mellor nun cuestionario onde están tódolos membros á vista, e o resto de datos persoais de cumprimentación universal, exceptuando as catro variables comúns a Censos e Padrón, que ían so nas follas padroais), e tantos cuestionarios individuais como persoas entre 16 e 64 anos residan en cada vivenda.

De feito, para diminuír aínda máis o volume total de papel a escanear e, máis importante aínda, reducir a carga de traballo sentida polos cidadáns, as únicas variables que foron no cuestionario individual son as relacionadas coa actividade económica ou académica, pasando as de carácter máis universal ó cuestionario conxunto de fogar. Desa maneira, liberouse do cuestionario individual a grandes estratos de poboación (ós menores de 16 anos, ós xubilados..., en xeral, a tódalas persoas que non estudien nin traballen). Desta forma conseguiuase reducir o número de cuestionarios individuais aproximadamente a metade, diminuíndo significativamente os custos e os prazos de fases censuais tan importantes como a impresión da documentación censual, a súa distribución e o seu procesamento.

Os restantes datos censuais (datos dos edificios, direccións postais...) recolléronse nos cadernos de percorrido preimpresos, en lugar dos tradicionais en branco, o que permitiu un procesamento moito máis eficiente, rápido e económico.

O método principal de recollida da información foi mediante os axentes censuais, que efectuaron un percorrido ordenado e exhaustivo das seccións utilizando os cadernos de

percorrido, comprobando os límites de cada sección, visitando todos e cada un dos seus edificios e obtendo as súas características. Dentro de cada un dos edificios, percorreron cada un dos ocios (vivendas ou locais) emprazados no seu interior e entregaron os cuestionarios censuais nas vivendas que procedía, recolléndooos unha vez cumprimentados e axudando a súa cumprimentación se fose necesario.

Non obstante, os avances tecnolóxicos permitiron a cumprimentación do censo a través de internet, moi útil para certos colectivos que, polos seus hábitos, son máis difíciles de contactar nos fogares (parellas xoves nas que ambos traballan, fogares unipersoais,...)

Informatización dos datos censuais

Neste apartado produciuse unha das principais novidades tecnolóxicas: a utilización de escáneres de alto rendemento para capturar previamente a imaxe dos cuestionarios e, a continuación, aplicar técnicas de recoñecemento óptico de caracteres.

Descrición das variables censuais.

1.1 Variables obtidas da folla padroal

Estas variables ían preimpresas na folla padroal polo que so deberían ser contestadas explicitamente polas persoas que se desen de alta, ou no caso de erros nos datos.

Provincia e concello de residencia. É a variable básica pola que se asigna a cada individuo o seu lugar de residencia na data censual. En relación a esta variable considerouse para algunhas táboas a variable Tamaño do concello de residencia

Data de nacemento. Recolle o día, mes e ano de nacemento, polo que se pode determinar a variable idade.

Sexo

Lugar de nacemento. Reflicte o concello e provincia de nacemento para as persoas nadas en España. Para os nados no estranxeiro so se recolle o país.

Nacionalidade. É imprescindible para a planificación das políticas de inmigración.

Distingue entre España e outro país. Tamén existe a rúbrica apátridas, para aqueles que así se consideran.

1.2 Variables obtidas do cuestionario de fogar

Estado civil. Indica a situación legal do individuo, coincide ou non coa de feito.

Nivel de estudos. Ofrece información sobre o analfabetismo e o nivel de instrucción que alcanzou a poboación que reside en vivendas familiares. Mostra os estudos de

maior nivel que completou a persoa. A partir de esta variable obtívose a taxa de analfabetismo, como a porcentaxe de poboación que non sabe ler nin escribir sobre o total da poboación.

Tipo de estudos. Variable que amplía a información sobre o campo de estudos universitarios ou de formación profesional.

Lugar de residencia o 1 de marzo de 1991. Recolle o concello e país de residencia na data de referencia do censo anterior. Permite estudar os movementos migratorios no período intercensal. Deben terse en conta as persoas que naceron no período intercensal engadindo unha rúbrica que indica que a persoa aínda non nacera.

Lugar de procedencia e lugar anterior de residencia. Permite coñecer o comportamento migratorio daquelas persoas que non residiron sempre no lugar de nacemento.

Ano de chegada a España, a Galicia ou ó concello. Permite coñecer o comportamento migratorio por ano de chegada ós distintos ámbitos xeográficos.

Relación coa actividade. Mostra a situación de cada persoa en relación coa actividade económica na semana anterior á data de realización do censo. É a pregunta inicial e básica para medir a actividade económica, diferenciando os distintos colectivos de ocupados, parados e inactivos.

En relación a súa crecente demanda social, hai dúas novas categorías dedicadas a estimar o número de persoas que se dedican a actividades de voluntariado social, por un lado, e o de persoas dependentes (que precisan axuda para realizar actividades básicas), polo outro.

No cuestionario censal a poboación clasifícase en:

1. Recibindo algún tipo de ensinanza
2. Ocupado
3. Parado que busca primeiro emprego
4. Parado que xa traballou antes
5. Cobrando pensión de incapacidade permanente ou invalidez
6. Cobrando pensión de viuvez ou orfandade
7. Cobrando unha pensión de xubilación ou prexubilado
8. Realizando tarefas de voluntariado social
9. Necesitando axuda para actividades básicas
10. Realizando ou compartindo as tarefas do fogar

11. Outra situación

Nas táboas que se presentan fixéronse as seguintes agrupacións:

1. Baixo a rúbrica *Pensionista* inclúense as persoas que *cobran pensión de xubilación* e as que *cobran pensión de incapacidade*

2. A rúbrica *Outra situación* inclúe as rúbricas *Voluntariado social*, *Necesita axuda* e *Outra situación* do cuestionario censual.

Cada persoa podía clasificarse ata en tres situacións de actividade das presentadas no cuestionario. Para as táboas sobre actividade cada persoa considerouse na rúbrica dada polo orden anterior.

A taxa de actividade/ocupación calcúlase como a porcentaxe que representa a poboación activa/ocupada sobre o total de poboación de 16 e máis anos e a taxa de paro como a porcentaxe de poboación parada sobre a poboación activa.

Coñecemento de linguas propias. Estas preguntas, so incluídas nas comunidades bilingües, xa aparecían no censo anterior, e son moi útiles para a planificación e seguimento das políticas lingüísticas.

En Galicia, inclúense dúas preguntas sobre o coñecemento e o uso do galego.

1.3 Variables obtidas do cuestionario individual

Todas estas variables están dispoñibles para a poboación que reside en vivendas familiares, é maior de 15 anos e na semana anterior á realización do censo estaba traballando ou estudando.

Lugar de traballo ou de estudo. Indica o lugar onde a persoa realiza a súa actividade ou onde está estudando, recolléndose, se é en distinto concello ó de residencia, o concello ou, de ser o caso, o país.

A información detallada sobre a dirección e volume das viaxes diarias ó lugar de traballo é moi útil para a planificación urbanística, o control e mellora do tráfico, a protección do medio ambiente.

Número de viaxes o lugar de traballo ou estudo. Aporta información auxiliar á pregunta anterior. Inclúe a opción de ningunha viaxe para as persoas que teñan unha segunda residencia desde a que se desprazan a traballar ou a estudar.

Medio de desprazamento o lugar de traballo ou estudo. Engade información as preguntas anteriores. É moi útil nas viaxes intracraneais, para medir a densidade de vehículos de cada zona e así poder establecer medidas para o tráfico.

Se unha persoa utiliza varios medios, no cuestionario podía sinalar os dous que cobren máis distancia.

Tempo de desprazamento ó lugar de traballo ou estudio. Completa a información sobre os desprazamentos por razóns de traballo ou estudio.

Estudios en curso. Aporta información sobre a formación que o individuo está obtendo na data censual e especialmente a relación entre cursar ou non estudos e o resto das variables censuais.

A clasificación utilizada para esta variable, así como para tódalas relativas á educación é a Clasificación Nacional de Educación (CEDO).

As rúbricas que se ofrecen nas táboas son:

1. ESO, Educación Secundaria para adultos
2. Bacharelato, BUP, COU
3. Formación Profesional de Grao Medio ou equivalente
4. Formación Profesional de Grao Superior ou equivalente
5. Diplomatura Universitaria, Arquitectura, Enxeñería Técnica ou equivalente
6. Licenciatura Universitaria, Arquitectura, Enxeñería ou equivalente
7. Estudio de posgrao, máster, MIR ou análogo, doutoramento
8. Outros cursos

Baixo a rúbrica *Outros cursos* inclúense: Ensinanzas iniciais para adultos, Programas de Garantía social, Escola Oficial de Idiomas, Ensinanzas artísticas de grao elemental, Curso INEM, escola taller ou outros cursos para parados, cursos de formación promovido pola empresa e outros cursos non mencionados.

Ocupación. A información que proporciona o censo é vital para unha gran cantidade de políticas sociais e económicas ó descender a detalles xeográficos e conceptuais inalcanzables para as enquisas por mostraxe.

As rúbricas consideradas para esta variable nas táboas corresponden ás da Clasificación Nacional de Ocupaciones 1994 a un dígito, esto é:

1. Dirección de empresas e administracións públicas
2. Técnicos e profesionais científicos e intelectuais
3. Técnicos e profesionais de apoio
4. Empregados de tipo administrativo
5. Traballadores dos servicios de restauración, persoais e vendedores
6. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
7. Artesáns e traballadores cualificados

8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores

9. Traballadores non cualificados

Situación profesional. Complementa a información sobre a actividade económica aportada pola ocupación e a actividade de establecemento; en particular, permite determinar a categoría socioeconómica, variable utilizada en multitude de investigacións sociais.

Actividade do establecemento. Recolle a actividade principal do establecemento ou local onde traballa o individuo.

Horas de traballo. Obtén información sobre as horas de traballo que cada persoa ocupada realiza normalmente nunha semana, sen ter en conta as horas extras, vacacións, baixas, etc. Serve para diferenciar o traballo a tempo completo do traballo a tempo parcial, aspecto moi interesante na análise do mercado laboral.

5. Presentación de resultados.

O convenio de colaboración entre o INE e o IGE en materia censual establecía que o INE facilitaría ó IGE os ficheiros correspondentes a Galicia resultantes dos procesos de gravación dos censos. O IGE comprometeuse a aplicar os mesmos tratamentos de codificación a tódolos campos que non foran resoltos no centro de gravación e escaneo de cuestionarios (literais de actividade, ocupación e xeográficos). Dos ficheiros resultantes o IGE pode difundir resultados provisionais, esperando os datos definitivos que enviará o INE unha vez concluídos os distintos procesos.

A partir destes ficheiros provisionais o IGE elabora un conxunto de táboas referentes ó Censo de Poboación de Galicia nas que se recollen as características demográficas, económicas e sociais da poboación galega para poder satisfacer a gran demanda de información existente na sociedade. A información preséntase estruturada segundo o ámbito xeográfico: total da Comunidade Autónoma, provincias, comarcas e concellos; e dentro de cada ámbito territorial, segundo as características obxecto de estudio: estrutura da poboación, educación, actividade, desprazamento o lugar de traballo ou estudio, migracións, poboación estranxeira, galego.